

## Anisia e outras sombras

**Xosé María Álvarez Cáccamo**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2011 [1983]). “Anisia e outras sombras”.  
*Nordés*: 11 (II Data), 35-36. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de  
*poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1808>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (1983). “Anisia e outras sombras”. *Nordés*:  
11 (II Data), 35-36.

\* Edición dispoñíbel desde o 10 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## OLLADA NA POESÍA

Por XOSÉ MARÍA ALVAREZ CÁCCAMO

### ANISIA E OUTRAS SOMBRAS

*Fica este libro un pouco lonxe da necesaria crónica inmediata, pois foi publicado en agosto de 1981 na colección La Galga de A Coruña. Non abondan na prensa galega os espazos xenerosos para acoller todas as referencias urxentes ás novidades literárias antes de que esas esmorezan nas librarías ou no espacio que cada un de nos preservamos para regalos futuros e nostálxicos. Cándo normalizaremos a nosa práctica literária?*

Manuel Rivas e Xavier Seoane con estes **fragmentos pra unha fuga en tempo de morte** atreven-se a unha experiencia que ten dado penosos froitos na poesía recente: a creación en parella. Pero salvan-se de incurrir no sensibleiro ou no improdutivo porque **Anisia e outras sombras** presenta-se só como un experimento, «unha inxela experiencia de creación compartida» na que nada hai de reciprocidades confesionais.

Unha actitude lúdica, un labor desenfadado e deportivo (no sentido estricto que tiña esta palabra para as vaingardas) compón os textos de tal maneira que o libro non chega —porque tampouco o pretende— nen á intensidade sustancial de **A caluga do paxaro** (Seoane) nen ao suxerente fabular libro de **O libro do entroido** (Rivas). Moitas das constantes estéticas que se poden sinalar nos anteriores libros destes dous autores voltan a aparecer aquí, a veces con tal claridade que nos atreveríamos a distinguir na factura dos textos a man de cada un. Vexo intensificada a lingua feliz, liberadora, o tono conversacional de Rivas, o emprego correcto, con poucas estridencias, do argot propio da poesía underground, a mesma incitación á viaxe iniciática (a procura dos fisterres) que hai sempre en Seoane, interpretada agora con instrumentos menos sinfónicos, a través da óptica irónica e urbana do **cinéma vérité**, manifesta xa na literatura de Rivas. Habitan o libro as moitedumes da mitoloxía do cine («Todo tiña a ledice dun film de Fred Astaire»), lugar de encontro preciso para as dúas sensibilidade, e latexa no fondo temático un espírito aventureiro e unhas relacións triangulares que me recordan o **A bout de souffle** de Godard. De feito Anisia é unha personaxe de celuloide, mítica e próxima. O crecemento do libro participa do proceso de fragmentación das tomas cinematográficas e supoño que o traballo final debeu parecer-se á montaxe dunha película. O fragmentarismo desenvolve-se nunha triple dirección: como técnica literária (que, ao meu ver, perxudica a algúns poemas do final do libro), como organización do conxunto ao xeito do cine (até tal punto que **Anisia e outras sombras** pode-se ler tamén como proxecto do guión, explícito en algúns momentos: «Un hotel / Toma n.º 8 / Agora!»), e como motivo que

modela o tema central: a fuga fragmentaria de Anisia, movemento de fuxida e aproximación constantes.

Hai varios poemas que se expresan nos rexistros da sustancialidade, á marxe dese quebrar-se dinámico e filmico, e acadan unha altura notábel. Así o poema XVIII: «Eis o ar / e a neve amarga / Institúe-se en corpo / en en ollada / e vai alá, / na saudade da praia. / Co teu corpo de sombra, / co teu valeiro alento / de afogada, / fixen o grande amor, / e medrou nos mercados a tua sona, / chamaron ás ruas co teu nome, / deixou-se a ferramenta e a tarefa / por louvar-te nos corros. / Existe un grande amor».

Neste e noutros textos (II, XXII) conseguen os autores de **Anisia e outras sombras** o nivel de calidade que reafirma o valor do seu facer literário, mais alá do necesario e gratificante de toda experimentación.

Vigo, Nadal 82

